

	A1	A2	B1	B2	C1	C2
<b>Comprensión</b>	Podo recoñecer palabras familiares e frases moi básicas relacionadas comigo mesmo, coa miña familia e co contorno concreto máis inmediato, se a xente me fala lento e claro.	Podo entender frases e vocabulario de alta frecuencia relacionado coas áreas de relevancia máis inmediata e persoal (p. ex. información moi básica sobre familia, compras, xeografía local, emprego). Podo colle-  -los puntos principais de mensaxes e anuncios curtos, claros e simples.	Podo entende-los puntos principais da fala clara e estándar que traten sobre temas familiares encontrados normalmente no traballo, na escola, tempo de lecer, etc. Podo entende-los puntos principais dos programas de televisión e radio que traten sobre asuntos de actualidade ou temas de interese persoal ou profesional se a enunciación é relativamente lenta e clara.	Podo entender fala extensa e disertacións, e seguir mesmo liñas de argumentación complexas, se o tema me resulta razoablemente familiar. Podo entende-la maior parte das noticias da televisión e programas de actualidade. Podo entende-la maioría das películas en dialecto estándar.	Podo entender discursos extensos mesmo se non están estruturados claramente e as relacións entre as partes están só implícitas. Podo entender programas de televisión e películas sen demasiado esforzo.	Non teño dificultade para entender calquera tipo de linguaxe falada, xa sexa en vivo ou a través de radio e televisión, mesmo cando é producida a alta velocidade, sempre que dispoña de certo tempo para afacerme ó acento.
	Podo entender nomes familiares e palabras e frases moi simples, p. ex. en carteis, avisos ou en catálogos.	Podo ler textos moi curtos e simples. Podo atopar información específica e predicible en textos simples da vida diaria como son anuncios, folletos, menús e horarios, e podo entender cartas persoais curtas e simples.	Podo entender textos cunha de linguaxe de uso frecuente e relacionada con temas da vida diaria ou do traballo. Podo entender descricións de acontecementos, sentimentos e desexos en cartas persoais.	Podo ler artigos e reportaxes relacionados con problemas actuais, nos que o autor adopta un punto de vista ou posición particular. Podo entender prosa literaria contemporánea.	Podo entender textos extensos e complexos de tipo literario e non literario, apreciando as diferencias de estilo. Podo entender artigos especializados e instrucións técnicas extensas, mesmo cando non pertencen ó meu campo de actividade ou intereses.	Podo ler con facilidade tódalas formas de linguaxe escrita, incluíndo textos abstractos e estrutural e lingüisticamente complexos como manuais, artigos especializados e obras literarias.
<b>Fala</b>	Podo interactuar de maneira sinxela, a condición de que a outra persoa estea disposta a repetir ou reformula-las cousas a velocidade máis lenta e me preste axuda para formula-las miñas mensaxes. Podo preguntar e contestar a preguntas simples referidas a áreas vitais ou temas moi familiares.	Podo comunicarme en tarefas simples e rutineiras que esixan un intercambio de información simple e directo acerca de temas e actividades familiares. Podo manexar intercambios sociais moi curtos, anque non entendo normalmente o bastante como para mante-la conversa en marcha polos meus propios medios.	Podo manexa-la meirande parte das situacións probables durante viaxes nas áreas onde se fala a lingua. Podo participar sen preparación previa en conversacións acerca de temas familiares, de interese persoal ou pertencentes á vida diaria (p. ex. familia, afeccións, traballo, viaxes e sucesos de actualidade).	Podo interactuar cun grao de fluidez e espontaneidade que fai a interacción regular con falantes nativos perfectamente posible. Podo tomar parte activa en discusións sobre temas habituais, sostendo e xustificando as miñas opinións.	Podo expresarme con fluidez e espontaneidade sen demasiada busca evidente de expresións axeitadas. Podo usa-la lingua con flexibilidade e eficacia para propósitos sociais e profesionais. Podo formular ideas e opinións de xeito preciso e relacionar destramente a miña contribución coas dos meus interlocutores.	Podo tomar parte eficaz en calquera tipo de conversación ou discusión, e teño unha gran familiaridade coas expresións idiomáticas e xiros coloquiais. Podo expresarme con fluidez e transmitir matices de significado sutís con precisión. Se teño algún problema, podo retroceder e reestructura-la miña mensaxe para evita-lo obstáculo dun xeito tan fluído e hábil que os meus interlocutores a penas se decatan diso.
	Podo usar frases e oracións simples para describir onde vivo e a xente que coñezo.	Podo usar unha serie de frases e oracións para describir en termos simples a miña familia ou outras persoas, condicións de vida, a miña educación e mailo meu traballo actual ou máis recente.	Podo conectar frases de maneira simple co fin de describir experiencias e acontecementos, os meus soños e esperanzas e ambicións. Podo dar razóns e explicacións breves das miñas opinións e proxectos. Podo contar unha historia ou conta-la trama dun libro ou película e describi-las miñas impresións sobre iso.	Podo presentar descricións claras e detalladas dunha gran variedade de temas relacionados cos meus intereses. Podo explicar un punto de vista sobre un tema de actualidade indicando as vantaxes ou desvantaxes das diversas opcións.	Podo ofrecer descricións detalladas e claras de temas complexos, integrando os subtemas, desenvolvendo os puntos particulares e pechándoas cunha conclusión apropiada.	Podo presentar unha descrición ou argumento, clara e fluidamente, nun estilo axeitado ó contexto e unha estrutura lóxica que axuda ó destinatario a percibir e lembra-los puntos esenciais.
<b>Escritura</b>	Podo escribir postais curtas e simples, por exemplo mandando saídos dende o meu lugar de vacacións. Podo cubrir formularios cos meus datos, p. ex. escribindo o	Podo escribir notas breves e simples relacionadas con asuntos de importancia máis inmediata. Podo escribir cartas persoais moi simples	Podo escribir textos simples, pero conexos, sobre temas familiares ou de interese persoal. Podo escribir cartas persoais describindo as miñas	Podo escribir textos claros e detallados sobre unha gran variedade de temas relacionados cos meus intereses. Podo escribir unha redacción ou disertación,	Podo expresarme a través de textos claros e ben estruturados, expresando puntos de vista con certa extensións. Podo escribir exposicións detalladas sobre temas	Podo escribir textos claros e áxiles nun estilo axeitado. Podo escribir correspondencia, disertacións ou artigos complexos que presenten un suposto ou caso a través dunha

	meu nome, nacionalidade e enderezo nun rexistro de hotel.	dando, p. ex. , as gracias por algo.	experiencias e impresións.	pasar información ou expoñer razóns a favor ou en contra dun punto de vista particular. Podo escribir cartas salientando a significación persoal de sucesos e experiencias.	complexos nunha carta, salientando os que considero que son os puntos máis importantes. Podo escribir distintos tipos de textos nun estilo seguro e persoal, e axeitado ó lector destinatario imaxinado por min.	estructura lóxica que axuda ó receptor a percibir e lembra-los puntos máis salientables. Podo escribir resumos e resencións a obras profesionais ou literarias.
--	---	--------------------------------------	----------------------------	---	--	---